
GIGABIT no nodo central de RECETGA

- Actualizado (12.09.2005)

Co obxectivo de adaptar as infraestructuras de comunicacións ás crecentes necesidades dos usuarios, o CESGA instalou novos equipos de comunicacións no nodo central da Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA). A entrada en funcionamento destes equipos está xa a proporcionar un mellor servizo ós usuarios.

A continuación descríbense as melloras máis significativas levadas a cabo:

1.- Adquisición e posta en servizo dun conmutador Gigabit Ethernet MARCONI ESX-4800 co obxectivo de reforzar a rede de interconexión dos servidores de cálculo e almacenamento para facilitar a integración destes na troncal da rede.

As características máis relevantes do equipo son:

Soporta ata 48 portos Gigabit Ethernet, 384 portos de 10/100 Ethernet, 352 portos 100BaseFX ou 10BaseFL, 16 ATM OC-3c ou OC-12c.

Matriz de conmutación distribuída de 20Gbps (40Gbps full duplex)

Pode realizar routing ou bridging a unha velocidade de 38Mbps

Soporte de multicast de vídeo (PIM-DM e IGMPv1/2)

Alta resistencia a fallos (controladora (NSC) redundante, alimentación redundante e matriz de conmutación distribuída)

Alta dispoñibilidade de rede (Protocolo Spanning Tree, VRRP, enlaces ATM redundantes)

O conmutador dispón nestes momentos de 9 enlaces Gigabit Ethernet de 1Gbps, 2 enlaces ATM de 622 Mbps e 64 interfaces Fast Ethernet de 100 Mbps.

2.- Adquisición e posta en servizo dun router CISCO 7206 VXR con controladora NPE300 e 64 MB de memoria.

Procesador R7000 a 262Mhz.

Este equipo dispón de 6 slots dos que neste momento están ocupados 2, unha tarxeta de interface ATM OC-3 con traffic shaping e unha tarxeta con 8 portos BRI.